

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: CATOIRA

COMARCA: Salnés

DATA: 6/5/16

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro Social de Abalo

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 9

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 3

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: Tod@s

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Xavi César e Xan Castaño

Representante Consello Nacional: Manolo Domínguez (Resp. Comarcal)

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 9

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1h 30 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):

Grupo arredor dunha mesa, apuntando as conclusións nun mural de papel.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea
ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Moi semellante a unha asemblea local.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

--

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

- Descrédito da política, especialmente entre a mocidade.
- Conflitividade entre ex- e nacionalistas que resulta desmotivadora para a mocidade.
- Gran descoñecemento e ocultación da nosa historia.
- Parte da nosa propia militancia non acredita nas posibilidades de Galiza. Existe a percepción política de que os cambios só se poden facer dende o Estado e máis alá.
- Sangría migratoria na xuventude.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

- Reforzar liderazgo e referentes.
- Aumentar o compromiso persoal de boa parte da militancia (parte dos presentes consideran que, en todo caso, o que falta non é tanto compromiso como coherencia, nalgúns casos).
- Evitar ambigüidades: que non nos asusten termos coma independencia, nación, Estado...
- Expoñere difundir datos como balancez enerxéticos, importación-exportación, etc., para rachar cos tópicos sobre as nosas potencialidades.

- Sacudirse os complexos: os nosos votos e escanos son os máis útiles.
- “Todos contra o PP” non é suficiente como dirección estratéxica política.
- Facer ver á xente as culpabilidades na actual situación económica e social.
- Visibilizar ás “forzas rupturistas españolas” coma un adversario.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

- Facilitar participación ás persoas simpatizantes, mesmo con algún tipo de capacidade decisoria.
- Aumentar a difusión do traballo político realizado (carteis, boletíns...).
- A marca BNG ten valor.